

Elaborada polo Servizo de Programas Mixtos - Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación

## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	2
2	INSTRUCCIÓN PARA O INICIO DAS ACCIÓNS E SOLICITUDE PAGAMENTO	
	2.1 Contratación das persoas mozas menores de 30 anos.....	3
	2.2 Comunicación de inicio das accións da programa.....	4
	2.3 Declaración de inicio.....	5
3	BAIXAS E ALTAS DAS PERSOAS CONTRATADAS.....	7
4	FORMACIÓN EN COMPETENCIAS BRANDAS.....	7
5	PROTOCOLO DE COMUNICACIÓNS.....	8

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO E ORIENTACIÓN  
CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

Complexo Administrativo de San Lázaro  
Edificio Administrativo s/n  
15781 Santiago de Compostela



## 1. INTRODUCCIÓN

O Programa Talento 30 responde á necesidade de proporcionar aos nosos mozos e mozas menores de 30 anos unha práctica profesional no posto de traballo que lles permita ou ben mellorar as súas cualificacións profesionais, ou ben adquirir a experiencia profesional necesaria que mellore as expectativas da súa carreira profesional. A finalidade última deste programa é, a través de incentivos á contratación, facilitar a inserción laboral das persoas mozas en Galicia dotándoas de competencias que melloren a súa empregabilidade, e ao mesmo tempo reter o talento mozo na nosa comunidade autónoma, o que xustifica o seu financiamento público.

Tal e como indica a Orde do 1 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para promover a práctica profesional e a formación en competencias brandas das persoas mozas menores de 30 anos mediante contratos formativos PROGRAMA TALENTO 30- (*DOG n° 75, do 20 de abril*), poderán ser entidades beneficiarias as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen na citada orde de convocatoria.

As empresas teñen a posibilidade de obter axudas para a contratación de menores de 30 anos a través de dúas liñas:

- a) Liña 1: PROGRAMA TALENTO 30 EN PRÁCTICAS, mediante contratos para a obtención de práctica profesional, subscritos con persoas traballadoras menores de 30 anos que estean en posesión de título universitario (grao, máster ou doutoramento), ou título de grao medio ou superior, especialista, master profesional ou certificado do sistema de formación profesional, consonte ao establecido na Lei Orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional; así como daquelas persoas que posúan un título equivalente de ensinanzas artísticas ou deportivas do sistema educativo, que habiliten ou capaciten para o exercicio da actividade laboral, segundo o establecido no artigo 11.3 do *Texto Refundido da Ley do Estatuto dos Traballadores aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro* para esta tipoloxía de contratos.
- b) Liña 2: PROGRAMA TALENTO 30 FORMACIÓN EN ALTERNANCIA, mediante contratos de formación en alternancia que se realicen con persoas traballadoras menores de 30 anos, e que poderán celebrarse con persoas que carezan da cualificación profesional recoñecida polas titulacións ou certificados requiridos para concertar un contrato formativo para a obtención de práctica profesional regulada no apartado anterior. Sen prexuízo do anterior, poderanse realizar contratos vinculados a estudos de formación profesional con persoas que posúan outra titulación sempre que non tivese outro contrato formativo pre-

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO E ORIENTACIÓN  
CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

Complexo Administrativo de San Lázaro  
Edificio Administrativo s/n  
15781 Santiago de Compostela



vio nunha formación do mesmo nivel formativo e do mesmo sector produtivo, *segundo o establecido no artigo 11.2 do Texto Refundido da Ley do Estatuto dos Traballadores aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro* para esta tipoloxía de contratos.

Ademais, todas as persoas mozas contratadas en calquera das dúas liñas recibirá unha formación específica en materias brandas dentro do seu posto de traballo, coa finalidade de facilitarlles unhas ferramentas e habilidades transversais que lles permitan desenvolverse mellor no ámbito laboral e incrementar as súas posibilidades de atopar un emprego estable.

Tendo en conta o establecido na disposición derradeira primeira da orde de convocatoria, a persoa titular da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación poderá ditar, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde. Polo tanto, o Servizo de Programas Mixtos elaborou estas instrucións co obxecto de facilitar a xestión do programa por parte das entidades beneficiarias. Estas instrucións pretenden ser unha guía, a través da cal intentarase aclarar e por menorizar o contido da orde de convocatoria en relación coas actuacións que deberán realizar así como a documentación que deberán achegar para proceder ao pagamento do 100% do incentivo así como do 40% de anticipo da formación en competencias brandas.

## 2. INSTRUCCIÓNS PARA O INICIO DE ACCIÓNS

### 2.1. NOVAS CONTRATACIÓNS DE PERSOAS MOZAS MENORES DE 30 ANOS

O contido deste punto vai dirixido unicamente a **entidades beneficiarias que solicitaron axudas para novas contratacións**, é dicir, as que se formalizaron no prazo de quince días hábiles desde a notificación de concesión da axuda, tanto para os contratos en prácticas (Liña 1) como para os de formación en alternancia (Liña 2).

Despois de serlle notificada a concesión da axuda, a entidade beneficiaria procederá á selección e contratación das persoas mozas que cumpran co perfil indicado na súa solicitude. En todos os contratos, tanto en prácticas como de formación en alternancia, deberá constar como unha cláusula máis o seguinte texto: **“Este contrato está incentivado con fondos finalistas transferidos polo Servizo Público de Emprego Estatal”**, e deberán ser comunicadas a través da aplicación Contrat@:

<https://www.sepe.es/HomeSepe/empresas/servicios-para-empresas/comunica-contractacion.htm> indicando que se trata dun tipo de contrato 421 “formación en alternancia” e/ou 420 para os “contratos para a obtención da práctica profesional”, e como dato específico activarase o check específico: datos do programa do emprego.

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO E ORIENTACIÓN  
CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

Complexo Administrativo de San Lázaro  
Edificio Administrativo s/n  
15781 Santiago de Compostela



En calquera caso deberán atermarse á normativa laboral vixente no momento da contratación.

As persoas mozas contratadas deberán, en todo caso, ser residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, estar en situación de desemprego e inscritas no Servizo Público de Emprego no momento da súa contratación e no día anterior á data de inicio do contrato, ademais de cumprir cos requisitos específicos para a súa contratación en formación en alternancia ou para a obtención de práctica profesional.

Cada unha das liñas subvencionadas, contrato de formación en alternancia e contrato en prácticas, presentan as seguintes particularidades:

- **Contratos para obtención de práctica profesional:** contrato formativo para a obtención da práctica profesional axeitada ao nivel de estudos da persoa contratada, de acordo coa súa regulación na lexislación laboral vixente no momento da contratación. Este contrato deberá ser concertado dentro dos tres anos seguintes á terminación dos estudos ou cinco, cando se trate dunha persoa con discapacidade.
- **Contrato de formación en alternancia:** contrato formativo que compatibiliza o desempeño dun posto de traballo retribuído con unha actividade formativa que deben estar directamente relacionados, e que vai dirixido ás persoas mozas que carecen dunha cualificación profesional recoñecida por unha titulación ou certificado requirido para realizar contratos formativos para a obtención de práctica profesional. O tempo de traballo efectivo non poderá exceder do 65% da xornada durante os doce meses de duración do contrato. Polo que respecta as modalidades, titorización e acordos para as actividades formativas rexéranse polo establecido no artigo 11 da Lei do Estatuto de Traballadores, no Real Decreto 1529/2012, de 8 de novembro polo que se desenvolve o contrato para a formación e aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, e demais normativa aplicable na parte que non se vexa afectada polo RD Lei 32/2021, de 28 de decembro de medidas urxentes para a reforma laboral.

Ante calquera dúbida para a formalización de estos contratos formativos poderán acudir a oficina do Servizo Público de Emprego que lle corresponda por ámbito territorial para que os asesoren ou consultar na páxina do SEPE:

<https://www.sepe.es/HomeSepe/empresas/Contratos-de-trabajo/caracteristicas-contrato.html>



## 2.2. CONTRATACIÓNS ANTERIORES Á CONCESIÓN DA AXUDA

Tamén poderán ser entidades beneficiarias ás que realizaron contratacións con anterioridade á notificación da concesión da axuda e ata os seis meses inmediatamente anteriores á data de publicación da orde, sempre que a formalización do contrato se realizara dentro do ano en curso e se cumpran os requisitos sinalados para o programa para o cal solicitan a axuda.

Neste caso, deberán remitir no prazo que se lle indique na resolución da concesión, a documentación que se indica no apartado 2.3 destas instrucións.

## 2.3 DECLARACIÓN DE INICIO E SOLICITUDE DE PAGAMENTO

O pagamento do 100% do incentivo á contratación, segundo o establecido no artigo 18 da orde, farase efectivo dunha soa vez, conxuntamente co anticipo do 40% para a formación en competencias brandas, unha vez cumprido o obxectivo para o cal foi concedido, e que se xustificará dentro dos prazos establecidos na resolución de concesión.

A xustificación e solicitude do pagamento da totalidade do incentivo e do 40% do anticipo da formación en competencias brandas, realizarase a través dunha declaración de inicio (Anexo V-A para os contratos en prácticas e/ou Anexo V-B para os contratos de formación en alternancia), que serán enviados a través da sede electrónica no prazo que se lle indique na resolución de concesión. Estes anexos estarán dispoñibles na páxina web da Consellería de Emprego e Igualdade: <https://empregoeigualdade.xunta.gal/axudas-subvencions>.

**Todas as entidades beneficiarias**, tanto as novas contratacións como ás que xa se formalizaran con anterioridade á notificación da concesión da axuda, deberán enviar, no prazo que se lle indique na resolución de concesión da axuda, a seguinte documentación:

- **Declaración de inicio** (Anexo V-A e/ou Anexo V-B), debidamente asinada, cos seguintes datos:
  - Declaracións responsables do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, así como unha declaración das axudas *de minimis* obtidas no exercicio corrente e nos dous anteriores, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade de Galicia.
  - A titularidade da conta da entidade beneficiaria onde se deba efectuar o pagamento.



Xunto á declaración de inicio deberá ir anexado un **cadro (formato excel/calc)**, no que deberán constar os seguintes datos referidos ás **persoas contratadas**:

- Nome e apelidos
- Sexo
- DNI/NIE
- Data de nacemento
- Titulación/Estudos
- Posto de traballo da persoa contratada
- Grupo de cotización á que pertence a persoa contratada
- Data de contratación
- Total custo anual contratación para a empresa
- Total axuda concedida
- Importe do que se solicita pagamento (100% anticipo mais 40% do anticipo formación en competencias brandas)

**OLLO:** A folla de cálculo debe enviarse no formato CALC/EXCEL xa que esos datos van a ser mecanizados e tratados con fins estatísticos. Por favor, lémbrede que se deben **RESPECTAR OS FORMATOS ASIGNADOS ÁS COLUMNAS**

- **No caso de novas contratacións** (realizadas posteriormente á concesión da axuda), xunto á declaración de inicio deberá achegarse a seguinte **documentación**:
  - Contratos de traballo do persoal subvencionado e comunicación destes a través de Contrat@.
  - Informes de datos de cotización (modelo IDC) do persoal contratado.
  - Documento acreditativo do nivel máximo de formación acadado pola persoa moza contratada.
  - Anexo II-A e/ou Anexo II-B: comprobación de datos de terceiras persoas interesadas, relativo ás persoas mozas contratadas. Cando algunha das persoas contratadas se opoña á comprobación dos seus datos, deberán adxuntar a seguinte documentación:
    - -Inscripción como desempregada no Servizo Galego de Emprego no momento da súa contratación.
    - -Informe de vida laboral da persoa contratada.
    - -DNI ou NIE da persoa contratada
- **No caso de contratacións anteriores á concesión da axuda**, ademais da declaración de inicio (Anexo IV-A e/ou Anexo IV-B) e do cadro cos datos do persoal contra-



tado xa sinalados ao inicio deste apartado deberá achegar a seguinte documentación:

- Comunicación dos contratos a través de Contrat@.
- Informes de datos de cotización (modelo IDC) do persoal contratado.

Se algún destes documentos xa viña adxuntado á solicitude, non é necesario o seu envío.

No caso de que a entidade beneficiaria non envíe a declaración de inicio no prazo sinalado na resolución de concesión ou que omita algún dos datos requeridos e/ou falte algún documento, este servizo requirirá para que subsane nun prazo de 10 días. Pasados os 10 días, darase por desistido da axuda concedida.

### 3. BAIXAS E ALTAS DAS PERSOAS CONTRATADAS

Cando por algún motivo, se extinga ou suspenda o contrato, deberase proceder do seguinte xeito:

- **Extinción do contrato antes dos 12 meses:** a entidade beneficiaria deberá **contratar outra persoa moza** con un perfil análogo a aquel para o que se solicitou a subvención, para que o substitúa polo período restante ata cumprir os 12 meses. A substitución efectuarase no prazo máximo dun mes, que se poderá ampliar por autorización expresa da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, previa solicitude, sempre que sexa por causas xustificadas. Tanto a baixa como a alta deberán ser notificadas a través da sede electrónica, empregando o anexo VI e nun prazo de 10 días a partires do día en que tiveron lugar. Cando non se proceda á substitución en prazo dará lugar á perda do dereito de cobramento ou, de ser o caso, á obriga do reitengro da parte proporcional que corresponda.
- **Suspensión do contrato de traballo:** cando se trate de causas relacionadas con situacións de incapacidade temporal, nacemento, adopción, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación, violencia de xénero ou outra causa de interrupción da duración deste tipo de contratos recollidas por lei, **interromperase o cómputo da duración do contrato**. Todas as altas e baixas da persoa en suspensión deberán ser notificadas a través da sede electrónica, empregando o anexo VI e nun prazo de 10 días desde que a baixa ou a alta tivesen lugar. En todo caso o proxecto formativo subvencionado darase por finalizado **como máximo no prazo de dezoito meses** desde a data inicial de contratación e procederase á liquidación e aboamento dos custos da formación en competencias brandas, en función do seu estado ao vencemento do prazo indicado.

Para comunicar todas as incidencias relacionadas con altas e baixas do persoal contratado, emprégase o **Anexo VI**, de comunicación de altas e baixas, que ademais de ir engadi-

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO E ORIENTACIÓN  
CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

Complexo Administrativo de San Lázaro  
Edificio Administrativo s/n  
15781 Santiago de Compostela





do a estas instrucións, tamén estará dispoñible na páxina web da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade: <https://empregoigualdade.xunta.gal/axudas-subsencion>.

#### 4.FORMACIÓN EN COMPETENCIAS BRANDAS

A duración desta formación será de 80 horas e será impartida ás persoas mozas contratadas polas dúas liñas, formación en alternancia e prácticas, e **deberá iniciarse nos 30 días seguintes** á concesión da subvención no caso de contratacións xa concertadas con anterioridade ou, coa contratación da persoa traballadora menor de 30 anos cando sexa unha nova contratación (art. 30.3 e art. 39.3).

Esta formación será compatibilizada coa realización dun traballo efectivo nun centro de traballo da entidade beneficiaria e cumprirá obrigatoriamente, tal e como establecen os artigos 30.4 (contratos en prácticas) e 39.4 (contratos formación en alternancia) da orde de convocatoria, o seguinte cronograma:

- ◆ Un mínimo do **40% do tempo** adicado á formación en competencias brandas (**32 horas**) deberá realizarse nas **12 primeiras semanas** trala a formalización do contrato (novas contratacións) ou aceptación da subvención (contratacións anteriores á concesión).
- ◆ Un mínimo do **30% do tempo** adicado á formación en competencias brandas (**24 horas**), deberá realizarse nas **12 semanas anteriores á finalización** do período subvencionable (12 meses)

Os artigos 30 e 39 da orde sinalan exemplos de accións formativas que se consideran competencias brandas, pero as entidades beneficiarias poden optar a outras distintas, sempre que cumpran cos mesmos requisitos.

#### **OLLO:**

Lémbrese que toda formación relacionada directamente coas funcións inherentes ao posto de traballo non se pode considerar como competencias brandas. Así mesmo, no caso dos contratos de formación en alternancia, a impartición de ditas competencias deberá ser realizada durante o tempo de traballo efectivo

Todas as accións formativas deberán ser impartidas por un centro externo radicado na Comunidade Autónoma de Galicia ou por un experto, sempre que poida emitir unha factura que xustifique o gasto, e nunca por persoal da mesma empresa. No caso de que no momento da concesión ou en calquera outro momento durante a execución do programa, a entidade beneficiaria necesita cambiar de centro de formación ou de experto docente

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO E ORIENTACIÓN  
CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

Complexo Administrativo de San Lázaro  
Edificio Administrativo s/n  
15781 Santiago de Compostela





(autónomo), deberá comunicalo a este servizo de programas mixtos a través da sede electrónica.

O importe da axuda correspondente ao programa de formación en competencias brandas é de 3600€ por cada contrato, e será aboado en dous pagamentos. O primeiro será un anticipo do 40% do importe (1.440€) e que se realizará conxuntamente co pagamento do incentivo á contratación, unha vez cumprido o obxecto polo que foi concedida e xustificado a través da documentación establecida no artigo 18.2.c da orde de convocatoria.

Para o caso das contratacións formalizadas con anterioridade á notificación da concesión da axuda, deberán achegar a declaración de inicio e a solicitude de pagamento, á que se deberá engadir un **Cadro Calc** cos datos da persoa contratada, así como o resto de documentación establecida no artigo 18.2.c da orde de convocatoria, agás que xa a tiveran remitido con anterioridade.

Os gastos relacionados con este anticipo do 40% en formación en competencias brandas, realizados e pagados ata o 31 de decembro do 2022 deberán ser xustificados antes do 30 de abril de 2023.

Nas instrucións para a xustificación de gastos que se están a elaborar desde o Servizo de Programas Mixtos detallarase máis polo miúdo, entre outros aspectos, como se debe realizar a xustificación deste anticipo, pero consideramos convinte adiantar o seguinte:

En relación cos gastos efectuados e xustificados correspondentes á formación en competencias brandas, según o artigo 30.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, a Administración concedente poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionables por un ou varios dos seguintes medios:

- a) Prezos de mercado
- b) Cotizacións de mercados nacionais e internacionais
- c) Estimación por referencia aos valores recollidos nos rexistros oficiais de carácter fiscal
- d) Dictamen de peritos da administración
- e) Tasación pericial contradictoria
- f) Calquera outro medio de proba admitido en dereito

En todo caso, é importante sinalar que según o establecido no artigo 23 da orde, no caso de que os gastos efectuados e xustificados pola entidade beneficiaria sexan menores ao importe concedido, sempre poderán proceder á devolución voluntaria do importe non xustificado, sen esperar a que se lle solicite o reintegro, evitando así a aplicación dos correspondentes xuros.



Todos os anexos e modelos indicados estarán dispoñibles na páxina web da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade: <https://empregoeigualdade.xunta.gal/axudas-subvencions>

## 5.PUBLICIDADE

En toda a documentación e materiais gráficos e audiovisuais xerados para a formación, deberá figurar, de forma visible o texto e a imaxe normalizada establecida e publicada pola Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación na web institucional da Xunta de Galicia , <https://empregoeigualdade.xunta.gal/axudas-subvencions> onde constará o financiamento por parte da Xunta de Galicia con fondos finalistas transferidos polo Servizo Público de Emprego.

A publicidade indicada no parágrafo anterior aplicará tamén na súa comunicación a través da aplicación "Contrat@".

## 6.COMUNICACIÓNS CO SERVIZO DE PROGRAMAS MIXTOS

En xeral, as comunicacións en relación co Programa Talento 30, deberán ser realizadas a través da sede electrónica e empregando os anexos que se adxuntan a estas instrucións, e que tamén estarán dispoñibles na páxina web da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade: <https://empregoeigualdade.xunta.gal/axudas-subvencions> .

As consultas e aclaracións serán xestionadas telefónicamente ou, en última instancia, a través do enderezo electrónico do servizo.

Enderezo electrónico: [obradoiros.emprego.santiago@xunta.gal](mailto:obradoiros.emprego.santiago@xunta.gal)

Teléfonos: **881995962/981545873/ 981747225/981957724**

Santiago de Compostela,  
A directora xeral de Formación para o Emprego e Orientación

Zeltia Lado Lago



COMUNICACIÓN	CANDO SE ENVIA	REQUIRE REXISTRO (SEDE ELECTRÓNICA)	OBSERVACIÓNS
<b>Declaración de inicio:Anexo V-A e/ou Anexo V-B</b>	Prazo indicado na resolución de concesión	SI	O artigo 18 establece o contido da declaración de inicio. Empregarase unicamente os modelos indicados nestas instrucións
<b>Comunicación de baixas/ altas de persoas contratadas, e de ser o caso, alta da persoa substituta</b>	Extinción contrato: máximo 1 mes Suspensión contrato: 15 días	SI	Empregaranse unicamente os modelos que se indican nestas instrucións
<b>Comunicación da alta da persoa que tiña unha suspensión de contrato: Anexo VI</b>	15 días despois da data de alta	SI	Empregaranse unicamente os modelos que se indican nestas instrucións
<b>Comunicación de calquera modificación non substancial das condicións tidas en conta para a concesión</b>	O antes posible e sempre antes da xustificación final	SI	Art.21.f da orde de convocatoria
<b>Comunicación da obtención de calquera outra axuda para o mesmo fin, modificacións substantivas que afecten á actividade laboral da persoa contratada, calquera alteración substancial das condicións tidas en conta para a concesión</b>	No prazo de diez días hábiles desde que ocorra o feito.	SI	Art 21.f da orde de convocatoria
<b>Comunicación cambio de centro de formación/experto docente para impartición de competencias brandas</b>		SI	Lémbreme que según o establecido na orde de convocatoria, o centro de formación debe estar radicado na Comunidade Autónoma de Galicia
<b>Calquera consulta ou aclaración</b>			Preferentemente por teléfono ou, en última instancia a través do seguinte enderezo electrónico: <a href="mailto:obradoiros.emprego.santiago@xunta.gal">obradoiros.emprego.santiago@xunta.gal</a>

**NOTA IMPORTANTE:** En tódalas comunicacións que efectúen a este Servizo deberán indicar o número de expediente, nome da persoa remitente, teléfono e enderezo electrónico

